



"TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2026/2027. PRIMAVERA 2026

PROGRAMACIÓN PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHERELATO

- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación está pensada para escolares da ESO e BACH.
- **A capacidade máxima** será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación vixente en cada momento.

En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

ENTRADAS

Prezo do billete de entrada: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas, no prazo que se asina no calendario que aparece a continuación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaráselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse no Forum Metropolitano, **con cita previa** (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un **máximo dun 10% de devolucións** (sobre as reservas feitas polo centro nun primeiro momento), sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. **O importe será devolto ao termo da función.** No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á sesión.

ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

Se veñen en autobús, recoméndase o acceso desde a Avda de Oza en sentido baixada para chegar á rúa Rio Monelos. Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum. Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

BENVIDAS/OS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as posibles incidencias que se poidan presentar.

PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO

- Vimos todas/os divertirnos e desfrutar do teatro, **sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala**. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- **A hora indicada na entrada é a hora de inicio da función.** É aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 min de antelación.
- Agradécese que a entrada e saída do edificio sexa en orde e no maior silencio posible, para evitar molestar ás persoas usuarias e traballadores do Forum.
- Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha a súa entrada.
- Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- **Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.**
- **Non está permitido comer nin beber (excepto auga) no auditorio.**

MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Realizarase limpeza e ventilación do auditorio antes e despois de cada función. Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade.

PROGRAMACIÓN:

TEATRO PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHERELATO

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	Fechas	Horario	Duración	Fecha tope de abono
HISTORIAS Á DERIVA	Dani Blanco (Galicia)	ESO - Bach	16 abril 2026	11.30 h	50 min	10 abril 2026
MULLERES DE PEDRA	María da Pontragha (Galicia)	ESO - Bach	17 abril 2026	11.30 h	60 min	10 abril 2026
MENINA, SOY UNA PUTA OBRA DE VELÁZQUEZ	Somos Proyecto Cultura (Extremadura)	2º ciclo ESO - Bach	8 mayo 2026	11.30 h	55 min	30 abril 2026
MADE IN GALICIA	Sarabela Teatro (Galicia)	ESO - Bach	22 mayo 2026	11.30 h	60 min	15 mayo 2026

TODOS OS ESPECTÁCULOS TERÁN LUGAR NO **FORUM METROPOLITANO**

HISTORIAS Á DERIVA de Dani Blanco (Galicia)

16 abril 2026 – 11.30 h

Dirixida a ESO e Bacherelato



Nado en Cangas no 1981. Pallaso, bufón, improvisador e narrador oral. Ata o ano 2003 a súa vida non merece ocupar nin unha liña deste curriculum. Neste ano funda a compañía de circo Asircópatas coa que crea 8 espectáculos o longo destes 20 anos, entre eles: **Montagen ou Rogelio**. Grazas a estes espectáculos sae da súa casa e viaxa por 15 países. Fundador da cía **Muu**, tamén de circo, crea no 2019 o espectáculo **Crunch!**. Adéntrase noutros campos coma a improvisación coa que impartir clases durante varios anos e actúa nas montaxes do CDG e participa en festivais internacionais. Tamén conta, participando en festivais como o Atlántica escribindo os seus propios contos para adultos que publicará no libro **Murmuraban as miñas veciñas** no 2022 e nestemismo ano crea espectáculos de narración coma **Historias desde o outro lado da raia** ou coa Cía Diáspora escena **O Peirao**.

Duración: 60 minutos aprox.

Espectáculo en galego

MULLERES DE PEDRA de María da Pontragha (Galicia)

17 abril 2026 – 11.30 h

Dirixida a ESO e Bacherelato



Historias de mulleres fortes, duras e eternas, coma pedras.

Mulleres rechas e loitadoras que abriron camiños e deixaron a senda andada para poder reandala e continuala.

Historias de mulleres sen nome nos libros pero con historia, con tantas proezas ás costas que non ficaron no esquecemento, pois correron os tempos de boca en boca e aquí chegaron, e se eu volo conto, seguirán.

Duración: 60 minutos aprox.


Espectáculo en galego

*María da Pontragha é educadora e antropóloga e, ás veces, conta contos. Dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. Como narradora intenta darlle continuidade á nosa herdanza cultural e lingüística e encher este mundo de contos e historias para que sigan agromando vizosas nas xeracións vindeiras, vaille na idea, ao igual que cantar, por iso é vocalista nos grupos Sacha na Horta, Lévedo e Bouba.

MENINA, SOY UNA PUTA OBRA DE VELÁZQUEZ de Somos Proyecto Cultura (Extremadura)

8 mayo 2026 – 11.30 h

Dirixida a 2º ciclo ESO e Bacherelato



Menina móstrase en conflito co resto do mundo, con ela mesma, atrapada no seu corpo, na súa contorna e no seu contexto. É a continuación lóxica do Inferno ao Paraíso. Como se da Divina Comedia se tratase, o noso personaxe purgará a súa vida para atoparse, para reconciliarse e para liberarse.

Menina é un berro desesperado de empoderamento, de liberdade e de superación contra esta secuela social, é teatro de denuncia e comedia de costumes, no sentido que retrata un comportamento ácido dun segmento da poboación cara ás persoas obesas.

Duración: 55 minutos aprox.

Espectáculo en castelán

Texto: J.P. Cañamero, Pedro L López Bellot, Sergio Adillo

Dirección e dramaturxia: Pedro L. López Bellot

Elenco: Nuqui Fernández

*A mensaxe principal do espectáculo é o amor cara un mesmo, sobre o seu corpo. Fálase cunha linguaxe contemporánea, actual e cruel como a vida mesma para tratar o tema do *bullying*. A idea é conmover, axitar e transformar o público.

MADE IN GALICIA de Sarabela Teatro (Galicia)

22 mayo 2026 – 11.30 h

Dirixida a ESO e Bacherelato



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Espectáculo áxil, alegre e combativo que busca conectar coas persoas espectadoras e rescatar o sentimento de comunidade orgullosa do noso.

Partindo da necesidade de tratar un tema que ten tanto que ver con nós como sociedade, que está nos alicerces da nosa cultura (foi Castelao quen dixo: “Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”) considérase conveniente, acaída e oportuna a obra de Séchu Sende **Made in Galicia** para presentar en escena o tema desde unha perspectiva tranquila, amable e, ao tempo, contundente.

A obra transita por momentos recoñecibles no día a día e combina temas de sociolingüística con maneiras de vivir e pensar amables e xenerosas ás que chegar mediante o lúdico e o divertido, con pouso. Un xeito de seducir en cuestións de lingua, non de lle impoñer nada a ninguén.

Duración: 60 minutos aprox.

Espectáculo en galego

Autoría: Sechu Sende

Dirección: Fina Calleja

Dramaturxia: Fernando Dacosta, Fina Calleja

Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Josito Porto